

A Unidade Mixta USC-Esteve investiga para descubrir fármacos contra dor crónica que melloren a "eficacia e seguridade"

Sanidade cre a dor crónica "unha dos grandes problemas" actuais e di que con estas

colaboracións "o máis beneficiado é o cidadán"

Por E.P. | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 20/09/2016 | Actualizada ás 16:07

A Unidade Mixta de Investigación USC-Esteve para o descubrimento de fármacos contra a dor crónica traballa en Santiago de Compostela para lograr novos medicamentos neste ámbito que melloren a "eficacia e seguridade" dos existentes co fin de mellorar tamén o "beneficio-risco".

Así o explicou, en declaracións aos medios o director científico do laboratorio Esteve, ndencias Carlos R. Plata-Salamán, quen engadiu que a unidade comezou a funcionar a principios de 2015 cunha "arquitectura moi única dentro da innovación aberta".

Ao respecto, incidiu na importancia de investigar para lograr novos fármacos contra a dor crónica porque entre "un 18 e 20 por cento" dos pacientes padéceno. Deste modo, destacou o "reto" de "que rápido" o poden facer para trasladar os resultados "o antes posible" á cidadanía.

Neste sentido, admitiu que con este tipo de investigacións "se tarda anos" antes de lograr un resultado final porque "se necesita facer unha serie de probas". "É importante ter o compoñente correcto inicial para seguir as seguintes fases", apostilou.

Tras a visita á unidade, situada no edificio Cimus en Santiago de Compostela, que racomezou uns 50 minutos tarde ao ter que esperar a chegada do conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, Plata-Salamán fixo fincapé no modelo pioneiro empregado neste traballo de "innovación aberta".

Segundo puntualizou, en Europa o custo relacionado coa dor crónica sitúase do "3 ao 10 por cento" do PIB. "É un problema moi serio", abundou, ao tempo que valorou que se pontencie o modelo "público-privado" nesta investigación.

"GRANDE IDEA"

Ao fin diso, o conselleiro de Sanidade, que pediu desculpas polo atraso, valorou a "grande idea" que tiveron coa posta en marcha desta unidade para o descubrimento de fármacos contra a dor crónica, que conta cun orzamento inicial de tres millóns de euros achegados por Esteve, a Universidade de Santiago e a Xunta de Galicia.

Almuíña contrapuxo o traballo de innovación e investigación no sector da automoción co realizado por esta unidade mixta para destacar o modelo de investigación que promove coa "implicación" da empresa privada e do público.

Deste modo, fixo fincapé en que "todos unidos coa mesma dirección é o camiño". "A Administración está para facilitar", afirmou o conselleiro, para abundar que "está para axudar, colaborar e dar un bo empuxón se é necesario".

A coordinadora do grupo BioFarma que dirixe esta unidade de investigación, Mabel Loza, remarcou que tratan de darlle "un compoñente máis translacional" ao paciente e traballan para "acurtar prazos".

POSTOS DE TRABAJO

Tras case dous anos de funcionamento, o balance que fixeron por parte do grupo BioFarma foi "moi positivo" porque "conseguiron liderar en España a investigación no campo da dor e actualmente desenvolvido novas metodoloxías que permitiron analizar máis de 3.500 compostos orixinais nun amplo panel de dianas implicadas en dor".

Durante estes anos xeráronse un total de 11 postos de traballo altamente cualificados en Galicia en torno á Unidade Mixta, nove deles correspondentes a persoal da propia unidade e dous mediante subcontratación a unha empresa biotecnolóxica galega.

Sinalaron, así mesmo, que as actividades de ambas as dúas entidades son complementarias en descubrimento temperán de fármacos, xa que a USC "achega o coñecemento en investigación farmacolóxica aplicada ao desenvolvemento de novos ensaios in vitro, contribúe coa obtención de reactivo biolóxico para os ensaios in vitro e os estudos de caracterización farmacolóxica in vitro dos novos compostos" e a compañía Esteve "achega o foco no coñecemento para a aplicación terapéutica a dor, os ensaios in vivo en animais de experimentación, a farmacoloxía en condicións regulatorias e o deseño e síntese de novos compostos".

A constitución desta alianza levouse a cabo tras a creación da figura de unidades mixtas da Xunta a través da Axencia Galega de Innovación. De feito, os implicados agradeceron á Consellería de Economía e Industria a súa colaboración.

Á visita ao laboratorio, durante a cal lle explicaron ao conselleiro o equipamento técnico co que conta e o traballo que se desenvolve, asistiron, ademais, a vicerrectora de Investigación da USC, Isabel Rodríguez-Moldes; así como o xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, Luis Verde; entre outras persoas do ámbito científico e sanitario.